



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AMES

*Corrección de erro nos pregos que rexen a contratación do servizo de “Colaboración na xestión tributaria, censual, inspectora e recadatoria do Concello de Ames”*

##### **Anuncio**

Advertido erro material nos pregos de cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, varios criterios de adjudicación e tramitación ordinaria do servizo denominado **“DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES non delegadas na Deputación provincial da Coruña”** aprobados por Xunta de Goberno Local de data 12 de agosto de 2014 e publicado anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia núm. 158, de 21 de agosto de 2014 e en cumprimento do acordo de Xunta de Goberno Local de data 22 de agosto de 2014, corríxese o erro material detectado que afecta a cláusula 2 (denominada ORZAMENTO, FINANCIACIÓN E TIPO DE LICITACIÓN), máis concretamente no tipo máximo de licitación do contrato que se establece en función do parámetro b) Para a colaboración no resto da materia obxecto do contrato, e:

*Onde di: “Os tipos máximo de licitación do contrato establécese en función dos seguintes parámetros:*

...

*b) Para a colaboración no resto da materia obxecto do contrato: 72.000 €/ ano sen IVE”*

*Debe dicir: “Os tipos máximo de licitación do contrato establécese en función dos seguintes parámetros:*

...

*b) Para a colaboración no resto da materia obxecto do contrato: 79.900 €/ ano sen IVE”*

O prazo de 15 días naturais para que os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes empezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Publicarase igualmente o anuncio no perfil do contratante do concello.

Ames, 25 de agosto de 2014

O alcalde

Santiago V. Amor Barreiro

2014/9269